

Dende a Asociación Cultural Donaire gustaríanos comentarvos ós socios e alumnos a información que se detalla a continuación:

O teléfono de Donaire é **677644339** e o enderezo electrónico é **info@acdonaire.com**.

Pregámosvos que ante calquera consulta acudades a estas vías, especialmente á electrónica, onde respostaremos o antes posible. Rogámosvos que non chamedes ó teléfono particular dos profesores, xa que non son teléfonos laborais. Calquera dúbida que lles teñades que consultar ós profesores, por favor, lembrade preguntala durante os ensaios e as clases.

### As tarifas da asociación son as seguintes:

**Matrícula** (pago único no momento da inscrición): 10 €

**Cota de socio** (pago anual, con cobro no mes de febreiro): 18 €

**Cota de actividades** (pago mensual):

Actividade	Prezo único	Prezo múltiple*
Baile, pandeireta, gaita, teatro	9,25 €	8,30 €
Percusión	4,63 €	4,15 €
Acordeón	26,00 €	23,00 €

\*Alumno/a apuntado/a a máis dunha actividade, ou se máis dun membro da unidade familiar é alumno.

**Matrícula e inscrición:** Para inscribirse por primeira vez, deberase ingresar o importe correspondente á matrícula e ó primeiro mes da/s actividade/s no número de conta ES59 2100 6359 5102 0006 0114 (La Caixa) enviando o xustificante por enderezo electrónico á conta da Asociación: [info@acdonaire.com](mailto:info@acdonaire.com).

A alta no novo curso está aberta durante todo o mes de setembro. Dende o comezo de outubro, as altas efectuaranse entre o día 20 e o remate do mes anterior ao comezo da/s actividade/s. Neste caso, notificaremos por correo electrónico a data e lugar do primeiro ensaio.

As actividades desenvólvense de outubro a agosto (ambos incluídos), cun mes de descanso (setembro) no que non se cobran as cotas. Se desexades darvos de baixa dalgunha actividade, con carácter definitivo ou temporal, deberedes comunicalo no mes anterior á baixa mediante o formulario sito na páxina web. [www.acdonaire.com](http://www.acdonaire.com) > Socios > Modificación de actividades. A baixa nas actividades non implica a baixa coma socio, salvo que se solicite expresamente.

Tamén nos gustaría sinalar que cando a escola vaia actuar é probable que non poidamos responder ó teléfono, é posible que membros da Directiva esteamos tamén actuando. Pedímosvos que faledes con outros familiares para coñecer certa información.

Moitas grazas e un saúdo,  
A Directiva.